



REGULAMENTO DO TRABALLO DE FIN DE GRAO EN ENFERMARÍA

PREÁMBULO.

O Real Decreto 1393/2007 do 29 de outubro polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais, dispón no capítulo III “Ensinos universitarios oficiais de grao”, artigo 12.3, que os ensinos de grao concluirán “coa elaboración e defensa dun traballo de fin de grao”. O apartado 7 deste mesmo artigo dispón que “O traballo de fin de grao terá entre 6 e 30 créditos, deberá realizarse na fase final do plan de estudos e estar orientado á avaliación de competencias asociadas ao título”. No anexo 1 do citado real decreto establécense as características e os requirimentos da memoria de verificación, documento que supón “o proxecto que constitúe o compromiso da institución sobre as características do título e as condicións en que se van desenvolver as ensinanzas”. No seu apartado 5 queda clara a total integración do traballo fin de grao na estrutura das ensinanzas. Así mesmo, no apartado 8 do devandito anexo noméase o traballo de fin de grao como un dos posibles procedementos que debe usar a universidade para valorar os resultados obtidos no marco de competencia establecido.

O Real Decreto 861/2010, do 2 de xullo, que modifica o Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais, dá unha nova redacción ao artigo 6 referido ao recoñecemento e transferencia de créditos e sinala: “en todo caso non poderán ser obxecto de recoñecemento os créditos correspondentes aos traballos de fin de grao e mestrado”.

A presente normativa diseña o marco xeral para o desenvolvemento dos traballos de fin de grao na universidade de Vigo e as súas finalidades son:

- Unificar os procedementos que faciliten o seu desenvolvemento e a xestión administrativa
- Procurar que, considerando as particulares características que o traballo de fin de grao ten entre as materias das titulacións, se manteña a súa integración na estrutura das ensinanzas.
- Garantirlle ao alumnado que a elaboración, defensa e avaliación do seu traballo de fin de grao pode desenvolverse de maneira axeitada.

Artigo 1. Do obxecto deste regulamento.

A presente normativa ten por obxecto, regular os diferentes aspectos relativos á definición, elaboración, defensa, avaliación e tramitación administrativa dos traballos de fin de grao

Artigo 2. Do ámbito de aplicación.

1. As previsións contidas na presente normativa aplicaráselle aos traballos de fin de grao correspondentes aos títulos de grao da Universidade de Vigo.
2. No caso dos títulos oficiais de grao de carácter interuniversitario, este regulamento só se lle aplicará ao estudiantado matriculado na Universidade de Vigo, agás que o convenio regulador do título correspondente estableza outras disposicións ao respecto.



3. O traballo de fin de grao na titulación de enfermaría rexerá polo disposto na orde CIN 2134/2008 que establece os requisitos para a verificación do correspondente título, sen prexuízo da aplicación, con carácter subsidiario, do presente regulamento.
4. O contido de esta normativa complementase co resto de normativas e procedementos da Universidade de Vigo en vigor ou que se puidesen aprobar referidas ao desenvolvemento e xestión da docencia, en tódolos seus ámbitos, das titulacións oficiais da Universidade de Vigo.
5. As tarefas de titorización, avaliación e cualificación dos traballos de fin de grao forman parte das obrigas docentes do profesorado. A Universidade de Vigo establecerá a forma do seu recoñecemento.

Artigo 3. Da definición do traballo fin de grao.

1. O traballo de fin de grao forma parte como módulo, materia ou disciplina do plan de estudos de todo título oficial de grao. No seu deseño debe preverse que a súa elaboración, avaliación e cualificación teñan lugar dentro do período previsto para realizar os estudos.
2. O traballo de fin de grao é un traballo persoal e orixinal tanto no título como nos contidos que cada estudante realizará de maneira autónoma baixo titorización docente, e debe permitirlle mostrar de forma integrada a adquisición dos contidos formativos e as competencias asociadas ao título. En ningún caso pode ser un traballo presentado con anterioridade polo/a estudante nalgunha materia de calquera titulación nesta ou noutra universidade, aínda que pode integrar ou desenvolver traballos feitos nas actividades doutras materias da titulación.
3. O feito de que o traballo de fin de grao sexa un labor persoal non exclúe que, para desenvolver unha proposta de envergadura suficiente, poidan participar varios/as estudantes, cada quen cunha parcela precisa da tarefa global. Este feito será autorizado pola coordinación da titulación ou polo órgano que estableza a normativa interna do centro onde o alumnado estea matriculado. Neste caso o alumnado implicado nun mesmo traballo compartirá a persoa titora e poderá ter o mesmo tribunal de avaliación, mentres que a presentación, defensa e avaliación serán individuais.
4. Cada estudante ten dereito ao recoñecemento da autoría do traballo de fin de grao elaborado e á protección da súa propiedade intelectual. A titularidade dos dereitos derivados pode compartirse coas persoas titoras, coas cotitoras e coas entidades públicas ou privadas ás que pertencen, nos termos e condicións previstas na lexislación vixente.
5. O traballo de fin de grao poderá elaborarse en institucións ou empresas externas do SERGAS ou da Universidade de Vigo, nos termos que se establezan nos convenios institucionais asinados. Nese caso existirá a figura dunha persoa cotitora pertencente á institución ou empresa. A persoa titora académica compartirá coa persoa cotitora as tarefas de dirección e orientación do/a estudante, e será, en calquera caso, responsabilidade da persoa titora académica facilitar a xestión.
6. O traballo de fin de grao terá a súa guía docente axeitada á normativa correspondente e única para cada titulación.
7. A redacción dos traballos de fin de grao da Escola Universitaria de Enfermería debe respectar o emprego dunha linguaxe inclusiva.

Artigo 4. Da matrícula do traballo de fin de grao.

1. Para poder matricularse no traballo de fin de grao será requisito imprescindible ter matriculadas todas as materias requiridas para finalizar o plan de estudos.
2. A matrícula do traballo de fin de grao realizarase nos períodos oficiais de matriculación dos estudos de grao.
3. A matrícula do traballo de fin de grao dá dereito a dúas oportunidades de avaliación nun mesmo curso académico, sempre que se cumpran os requisitos para a súa defensa recollidos no artigo 7.7.
4. A validez da matrícula do traballo de fin de grao será a mesma que a de calquera outra materia e, polo tanto, remata o último día hábil do curso académico.
5. No caso de que o/a estudante teña depositado o traballo no centro e conte co informe favorable do seu titor ou titora antes da data límite de entrega de actas da convocatoria de xullo pero non reúna os requisitos para poder defender o traballo por ter materias pendentes deberá formalizar unha nova matrícula noutro curso académico. No curso inmediatamente seguinte ao do depósito (e só nese curso) o/a estudante terá dereito a unha matrícula reducida do 25% do custe da primeira matrícula.

Artigo 5. Da titorización do traballo de fin de grao.

1. Os traballos de fin de grao realizaranse baixo a supervisión e dirección dunha persoa que exercerá as tarefas de titorización.
2. A titorización consistirá en supervisar e orientar o/a estudante na temática, metodoloxía, elaboración, presentación e calquera outro aspecto académico relativo ao traballo de fin de grao; así como facilitar a súa xestión, dinamizar e facilitar todo o proceso ata a presentación e a defensa do mesmo.
3. Poderá actuar como persoa titora calquera docente da Universidade de Vigo, co visto e prace da coordinación da titulación. Poderá ser cotitorizado se o alumnado presenta a solicitude, por un membro do sector sanitario no exercicio no que se realice o traballo e máis un/ha profesor/a con docencia na Escola de Enfermería.
4. Cando se dean casos de baixa prolongada ou finalizase a súa vinculación na Escola Universitaria de Enfermería, a Comisión de TFG asignaralle un/ha novo/a titor/a ao alumnado afectado. O centro será o responsable da substitución das persoas titoras e establecerá os procedementos que sexan precisos. Con independencia do establecido nos anteriores apartados, a Comisión garantirá a titorización de todo o alumnado matriculado no TFG.
5. O profesorado da Escola de Enfermería, deberá aceptar un mínimo de dúas solicitudes por curso académico, ou 5 en réxime de cotitoría. Mais alá destes mínimos, os/as titores/as, poderán rexeitar solicitudes, sempre que o xustifiquen adecuadamente. A comisión poderá limitar, se as condicións así o aconsellan, o número máximo de traballos que pode dirixir cada titor/a.

Artigo 6. Da asignacións da titorización e da temática do traballo de fin de grao.

1. Garantiráselle a todo o estudiantado matriculado na materia de traballo de fin de grao a



debida titorización.

2. Garantirase que se poidan desenvolver traballos con temas relacionados cos contidos específicos da titulación.
3. Establecerase un calendario para todo o proceso de adxudicación de persoas titoras e temas que posibilite elaborar axeitadamente os traballos dentro dos límites do calendario académico oficial da Universidade de Vigo aprobado para cada curso académico.
4. En cada curso académico a comisión daralles a debida publicidade aos prazos concretos para presentar as propostas temáticas do TFG, é as adxudicacións definitivas da titorización a cada estudante. Cada proposta deberá ir acompañada dunha breve exposición da finalidade e dos motivos que acrediten o seu interese e viabilidade; deberá incluír o visto e prace do/a respectivo/a titor/a e, de ser o caso, cotitor/a. Poderanse reclamar fronte a estas adxudicacións no prazo de sete días naturais e irán dirixidas ao/a presidente/a da comisión do TFG.
5. A adxudicación da titorización e da temática para o traballo de fin de grao terá validez máxima de dous cursos académicos. Unha vez transcorrido terá que volver a realizarse un novo proceso de adxudicación.
6. Unha vez que remate o prazo para presentar as solicitudes, as propostas serán estudadas pola Comisión, que decidirá sobre a súa admisión. As exclusións deberán motivarse e abrirse eventualmente un prazo de 7 días naturais para solucionar os erros ou presentar novas propostas.
7. O estudantado pode solicitar cambio de titor/a, ou de tema do traballo fin de grao mediante una solicitude dirixida a Comisión de TFG. A se mesmo, o profesorado titor/a pode solicitar cambio de alumnado titorizado mediante solicitude dirixida a Comisión de TFG. A Comisión resolverá as solicitudes.

Artigo 7. Da Estrutura e avaliación.

1. A estrutura e avaliación quedaran recollidos na guía docente do traballo fin de grao.

Artigo 8. Da exposición e defensa do traballo de fin de grao.

1. Cada traballo de fin de grao será presentado e defendido polo seu autor ou autora ante un tribunal de avaliación que o avaliará e cualificará.
2. O centro, atendendo a criterios organizativos e de programación docente, establecerá as datas, horas e lugar das defensas dos traballos de fin de grao dentro dos límites do calendario académico oficial da Universidade de Vigo.
3. Cada estudante solicitará a presentación e defensa do TFG unha vez recibido o informe favorable da persoa titora. O/a estudante, deberá presentar na secretaría administrativa do centro un exemplar do traballo impreso en papel con encadernación tipo chanel, así coma outra copia dixital que deberá remitir á dirección de correo electrónico asignada a tal efecto.
4. O/a estudante fará unha presentación e defensa pública cunha duración máxima da exposición será de 10 minutos. A continuación o tribunal, poderá formular preguntas ao alumno/a.
5. A persoa titora poderán estar presentes con dereito a voz no acto de defensa.



6. A defensa do traballo de fin de grao realizada polos/as estudantes poderá ser pública e presencial. A comisión de TFG con carácter excepcional e tras a petición formal e motivada polo/a estudante e a persoa titora ou cotitora poderá autorizar a exposición e defensa a distancia de xeito virtual, sempre e cando concorran as condicións técnicas, administrativas e económicas que permitan a súa viabilidade.

7. Seguindo a *“Ley Orgánica 1/1982, de 5 de mayo, sobre protección civil del derecho al honor, a la intimidad personal y familiar y a la propia imagen”* a exposición do TFG, e unha actividade pública e tanto a intervención do alumnado como dos membros do tribunal, está protexida polos dereitos de imaxe. Un terceiro non pode gravar sen o consentimento de tódolos compoñentes do tribunal. O/a presidente/a do tribunal, deberá por en coñecemento tal circunstancia y velar polo respecto dos estudantes e dos membros do tribunal.

8. O TFG só poderá ser defendido e avaliado cando se teña constancia de que o/a estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de grao, agás os correspondentes ao propio TFG.

9. O Centro deberá verificar que se cumpren estes requisitos para autorizar a súa exposición e defensa. Para estes efectos, no caso de que na data límite de entrega de actas das materias aínda non se recepcionarán todas as actas, a secretaría do Centro solicitará do profesorado encargado desas materias que informe sobre as cualificacións do alumnado que solicitase defensa para esa convocatoria.

Artigo 9. Da avaliación e cualificación do traballo de fin de grao.

1. Os tribunais de avaliación poderán ser colexiados ou unipersoais. O/a alumno/a, no momento da solicitude de defensa do traballo, deberá indicar o tipo de tribunal polo que desexa ser avaliado/a (sendo ambas opcións de avaliación do TFG excluíntes entre si para cada estudante).

Os tribunais unipersoais estarán constituídos polas persoas titoras do TFG, agás a imposibilidade da persoa titora para acudir á presentación oral (que deberá ser motivada por docencia ou investigación), neste caso a persoa titora, no momento da emisión do seu informe, deberá propor o nomeamento doutro docente do centro que asumirá a avaliación unipersoal.

Os tribunais colexiados de avaliación dos TFG serán designados pola comisión do TFG, cada tribunal actuará de forma regular nas convocatorias oficiais de cada curso académico.

2. Os tribunais colexiados comporanse primeiro do profesorado que voluntariamente solicite a súa participación e, de non existir propostas suficientes, de entre todo o profesorado do Centro, seleccionárase de xeito aleatorio. Este tribunal avaliador contará con tres membros, presidente/e, secretaria/o e vogal.

A repartición de traballos a avaliar polos tribunais colexiados realizarase conforme ás seguintes regras: de 1 a 6 traballos: 1 tribunal, de 7 a 12 traballos: 2 tribunais, ...

Cando o traballo para avaliar pertenza ao alumnado titorizado por algún membro do tribunal, este membro substitúese pola figura idéntica do outro tribunal.

3 . O tribunal ou tribunais de avaliación do traballo de fin de grao constituirase formalmente coa debida publicidade e antelación ao acto de defensa.

4 . De xeito excepcional, a comisión de TFG, poderá autorizar que forme parte do tribunal de

avaliación outro persoal docente, persoas colaboradoras ou membros de institucións externas á Universidade de Vigo que posúan unha titulación de nivel igual ou superior ao grao e que poderán actuar en calidade de vogais, con voz e voto.

5. O tribunal colexiado asignará o 100% da nota do TFG. Os membros do Tribunal realizarán un informe segundo o modelo oficial/rúbrica, no que avaliarán os seguintes aspectos:

I. Traballo propiamente dito (80%):

1. A calidade científica técnica dos contidos do traballo.
2. A calidade do material entregado
3. Os contidos incluídos e o grao de adquisición das competencias específicas da titulación, incluídas as competencias transversais.

II. Exposición e defensa (20%):

4. Exposición; en particular, a claridade expositiva.
5. Capacidade de debate e de defensa argumental do/a alumno/a.

A cualificación final será a resultante da media aritmética das notas emitidas por cada un dos membros do tribunal avaliador. Ao remate da avaliación e cualificación dos TFG, o tribunal avaliador poderá propor algún dos traballos avaliados para a mención de matrícula de honra de conformidade coa normativa vixente. Corresponderalle a/o presidenta/e do tribunal avaliador: cubrir, custodiar e entregar as actas.

No caso de obter a cualificación de suspenso, o tribunal de avaliación achegaralles ao/á estudante e á persoa titora un informe coas recomendacións oportunas para mellorar o traballo e a súa posterior avaliación.

6. O tribunal unipersoal asignará un máximo de cualificación do 70% da nota do TFG segundo o modelo oficial/rúbrica.

7. A entrega de actas dos traballos de fin de grao estará rexida polos tempos máximos de entrega de actas fixados no calendario académico oficial da Universidade de Vigo.

Artigo 10. Revisión e impugnación da cualificación do TFG.

1. Para os dereitos de revisión, será de aplicación o (art.30) do Estatuto do/da Estudante Universitario, nas que establece como debe desenvolverse o acto da revisión ante o tribunal". Estas condicións inclúen:

- Acceso ao propio exercicio nas datas seguintes á publicación das cualificacións *"recibindo do tribunal que os/as cualificou as oportunas explicacións orais sobre a cualificación recibida.*

- A revisión, *"levarase a cabo nos prazos e mediante os procedementos que se regulen na Universidade de Vigo, e será "persoal e individualizada".* O prazo máximo será de 3 días hábiles, dende a publicación dos resultados provisionais

O Real Decreto 1791/2010 no seu artigo 31 refírese especificamente ao dereito á reclamación por parte do alumnado nos seguintes termos:

Artigo 31 Reclamación ante o órgano competente.

Contra a decisión do/a profesor/a ou do tribunal caberá reclamación motivada dirixida ao órgano competente. Por proposta do devandito órgano, nomearase unha comisión de reclamacións, da que non poderá formar parte o profesorado que interviñese no proceso de avaliación anterior, que se resolverá nos prazos e procedementos que regule a Universidade de Vigo.

A normativa da Universidade de Vigo establece o procedemento para a revisión das cualificacións no artigo 18 do Regulamento de Estudantes.

Artigo 11. Dos traballos de fin de grao realizados noutra universidade.

1. De acordo co apartado 3.5 deste regulamento, o estudantado pode solicitar a realización do TFG noutra universidade española ou estranxeira que conte cun convenio de intercambio académico coa Universidade de Vigo. A comisión do TFG, se aproba a solicitude, solicitará unha persoa titora na Universidade de destino e designará á persoa responsable do intercambio no centro como cotitora aos únicos efectos de supervisar os trámites a desenvolver na Universidade de Vigo.

2. Para proceder á defensa, o traballo deberá recibir previamente o informe favorable do titor/a na Universidade de destino e o visto e prace da persoa responsable do intercambio da Universidade de Vigo.

3. A Universidade de destino deberá enviar un documento no que conste a cualificación obtida, a data de defensa e o número de créditos do TFG.

Artigo 12. Arquivo dos TFG.

Os TFG que obtivesen a cualificación mínima de aprobado (5) integrarán un arquivo en formato dixital baixo a custodia da Secretaría académica da Escola de Enfermería.

Artigo 13. Normas supletorias.

En todos os aspectos non previstos neste regulamento interno, aplicarase a normativa da Universidade de Vigo.

Este regulamento, que derroga o anterior, entrará en vigor no curso académico 2015- 2016.

Artigo 14. Disposición final .Entrada en vigor.

Este regulamento, entrará en vigor o día seguinte da súa aprobación pola Xunta de Centro da Escola Universitaria de Enfermería de Ourense adscrita á Universidade de Vigo.

Dilixencia para facer constar que o presente regulamento incorpora as modificacións aprobadas pola Comisión Permanente de Centro o día 22 de decembro de 2020 e publicadas oficialmente na páxina web da Escola o mesmo día.

A Secretaria Académica.